

# CONTA SATÉLITE DA CULTURA DE GALICIA. Revisión estatística 2019

## METODOLOXÍA

---

### 1. Obxectivos e utilidades

A Conta Satélite da Cultura enmárcase dentro do Sistema de Contas Económicas de Galicia. O seu obxectivo principal é proporcionar un sistema de medición económica do sector cultural, que permita valorar a importancia deste sector no conxunto da economía galega, así como pór de manifesto a estrutura produtiva das diferentes actividades culturais.

As contas satélite permiten afondar no coñecemento dun determinado aspecto da economía dun territorio, ampliando a información do sistema de contas económicas. No eido da cultura, no que existe información dispersa tanto de tipo económica como doutro tipo, unha conta satélite axuda a sintetizar toda esta información. Ademais, o feito de cuantificar as actividades culturais dentro do marco das Contas Económicas de Galicia, que se elaboran seguindo a metodoloxía do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010), permite a comparabilidade dos resultados obtidos cos doutros sectores económicos da propia Comunidade autónoma, e cos obtidos para outros espazos económicos que tamén realizan contas satélite baixo o paraugas do SEC-2010.

O obxectivo de todo sistema de contas é obter indicadores económicos que permitan analizar a evolución da oferta, da demanda e da distribución das rendas dun territorio. A Conta Satélite da Cultura de Galicia céntrase, principalmente, no lado da oferta. Neste senso, o obxectivo fundamental desde o enfoque da oferta e das rendas é a estimación das compoñentes da conta de produción e explotación, para distintos sectores culturais e distintas fases dentro da cadea produtiva dos bens e servizos culturais. Isto permite cuantificar a achega do sector cultural ao Produto Interior Bruto (PIB) galego.

As contas de produción e explotación complementábase con indicadores relativos ao emprego (tanto remunerado coma non remunerado) e coa estimación de dúas variables macroeconómicas do sector da cultura desde o punto de vista da

demanda: o gasto en consumo final dos fogares en produtos e servizos culturais e o gasto das Administracións Públicas nos ditos bens.

## **2. Ámbito de investigación**

### **Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico é Galicia. A economía rexional está formada por todas as unidades institucionais que teñen un centro de interese no territorio económico de Galicia.

O territorio económico está constituído esencialmente polo territorio xeográfico, aínda que non coincide exactamente con este.

Un centro de interese económico indica que no territorio económico existe un lugar desde o cal se realizan operacións económicas durante un período determinado (un ano ou máis).

### **Ámbito temporal**

O período de referencia da información de base e dos resultados é o ano natural.

### **Ámbito sectorial: delimitación do sector da cultura**

A delimitación do sector da cultura non é un tema trivial; de feito, non existe un consenso internacional estrito sobre as actividades que se deben incluír na análise da cultura.

O punto de partida, e principal referencia, á hora de elaborar a Conta Satélite da Cultura de Galicia foi o informe final do Leadership Group on Cultural Statistics (LEG)<sup>1</sup>. O LEG foi un grupo de traballo formado por expertos no ámbito da cultura que tiña por obxecto construír, a escala europea, un sistema de información coherente e comparable que contribuíse a un mellor coñecemento das relacións entre a cultura e o desenvolvemento socioeconómico. O proxecto do LEG tomaba como referencia un traballo previo da UNESCO<sup>2</sup> no cal se propuña unha clasificación de categorías que debían considerarse á hora de producir estatísticas culturais, e

---

<sup>1</sup> EUROSTAT, "Cultural Statistics in the EU. Final report of the LEG", 2000.

<sup>2</sup> UNESCO. Institute for Statistics, "The UNESCO Framework for Cultural Statistics (FSC)", 1986; a este traballo seguiu un posterior presentado en 2009 (UNESCO. Institute for Statistics, "2009 UNESCO Framework for Cultural Statistics", 2009).

que o LEG adoptou na súa meirande parte<sup>3</sup>. En 2009 Eurostat e os ministros de Cultura da Unión Europea impulsaron a creación dun novo grupo de traballo, o ESSnet-Culture<sup>4</sup>, co obxectivo de relanzar a cooperación entre os Estados membros en materia de cultura e revisar o marco europeo elaborado polo LEG, adaptándoo aos cambios metodolóxicos e sociodemográficos experimentados nas últimas décadas.

No ámbito estatal, contamos coa experiencia do *Ministerio de Cultura*, o cal elabora, en colaboración co Instituto Nacional de Estatística, unha Conta Satélite da Cultura española con resultados que se remontan ao ano 2000. A nivel autonómico destacan as experiencias dos institutos estatísticos de Euskadi, Cataluña e Andalucía. Todas estas contas satélite adoptan como referencia as propostas de Eurostat (primeiro a través do LEG e logo do ESSnet-Culture), adaptando as súas clasificacións ás condicións específicas das súas rexións.

No caso galego, tivéronse en conta todas estas referencias metodolóxicas e adaptouse a delimitación do sector proposta por Eurostat ás especificidades do sector cultural galego e á dispoñibilidade de fontes de información. Ademais, tratouse de garantir na medida do posible a comparabilidade coa conta española, o que permite contextualizar o sector da cultura galego no conxunto de España.

O sector cultural pode delimitarse desde dous puntos de vista complementarios: en función do tipo de actividade cultural en si mesma ou en función da situación dos bens e servizos culturais dentro da cadea produtiva. Atendendo ao primeiro punto de vista, dividimos o sector cultural galego en cinco sectores:

- **Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas:** inclúe a explotación dos monumentos e edificios históricos, os museos, os xacementos arqueolóxicos e as actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais<sup>5</sup>. Neste sector recóllense tamén as actividades vencelladas aos arquivos e ás bibliotecas.

---

<sup>3</sup> O marco de Eurostat deixa fóra, entre outras, as actividades deportivas, o turismo de tipo cultural, determinados produtos de tipo ornamental (como a cerámica e a xoiería) e as telecomunicacións.

<sup>4</sup> European Statistical System Network on Culture (ESSnet\_Culture), "Final Report", 2012.

<sup>5</sup> Neste punto tamén existe unha discrepancia entre a delimitación desenvolvida por Eurostat e a propia conta española e a delimitación galega, xa que as primeiras non inclúen as actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais no eido da cultura. No caso

- **Libros e prensa:** inclúe as actividades relacionadas co libro, a prensa e as publicacións periódicas (revistas, etc.).
- **Artes visuais:** abrangue todo tipo de artes cuxo elemento diferenciábel é o uso na súa forma de expresión de materiais tales como a pintura e a escultura. Tamén se inclúe neste sector a fotografía, a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado. A fabricación de artigos de xoiería inclúese neste sector. A súa inclusión é outra das diferenzas entre esta edición da CSC e a publicada na Base 2010.
- **Artes escénicas:** comprende diversas manifestacións de arte caracterizadas pola súa difusión en forma de espectáculos escénicos en vivo, coma o teatro, a ópera, os concertos musicais, o circo, etc.
- **Audiovisual e multimedia:** comprende dous subsectores: o da radio e a televisión, por unha banda, e o cine, vídeo e música gravada, pola outra.
- **Interdisciplinar:** inclúe a actividade reguladora da administración pública e a educación cultural. A inclusión da educación, restrinxida a aquelas ensinanzas relacionadas co eido da cultura, é o principal elemento diferencial entre a Conta satélite na base contable "Revisión estatística 2019" e a anterior publicada polo IGE.

Atendendo á situación que ocupan dentro da cadea de produción, as actividades culturais divídense en cinco fases:

- **Creación e produción:** nesta fase inclúense as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas, como pode ser a realizada por artistas (pintores, escultores, etc.), autores e intérpretes. Comprende tamén as actividades encamiñadas a definir o produto ou servizo cultural. Nesta fase obtense o que podería denominarse "ben ou servizo primario", susceptible xa de ser reproducido para o seu consumo. Tomando como exemplo a elaboración dun libro, o manuscrito escrito sería unha actividade de creación e da fase de produción encargaríase a editorial.

---

galego optouse por incluíla xa que as fontes das que se obtén a información non permiten illar as ditas actividades das restantes que compoñen a rama 91 da CNAE-2009 (actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais), que si se inclúen no campo da cultura.

- **Fabricación:** abrangue as actividades destinadas a reproducir en serie bens culturais primarios. A diferenza da fase de produción, na de fabricación non se engade valor ao contido cultural do ben. Seguindo co exemplo do libro, a fase de fabricación sería levada a cabo pola rama de actividade das artes gráficas.
- **Difusión, distribución e comercialización:** inclúe as actividades necesarias para que o produto resultante das fases anteriores chegue ao usuario ou ao consumidor. Este bloque comprende aos intermediarios responsables da comercialización e distribución dos produtos culturais (comerciantes polo xunto e a retallo e outras formas de difusión da cultura, como o cine e a televisión).
- **Actividades de promoción, regulación e educación:** abrangue as actividades de promoción e regulación da cultura desenvolvidas polas administracións públicas. Tamén se inclúe a educación, restrinxida a aquelas ensinanzas relacionadas co eido da cultura, como xa comentamos na definición dos sectores.
- **Actividades auxiliares:** esta fase comprende actividades auxiliares ás fases de creación e produción, por medio das cales se obteñen produtos que son empregados como consumos intermedios ou bens de capital naquelas fases. Trátase de actividades que, aínda que non proporcionan bens e servizos culturais en sentido estrito, teñen unha indubidable connotación cultural. Un exemplo sería a fabricación de instrumentos musicais. Nesta fase tamén se inclúen actividades auxiliares á difusión e distribución de bens e servizos culturais, por medio das cales se obteñen produtos destinados ao consumidor final, que lle permitirán o uso e desfrute de bens e servizos culturais (como a venda de equipamentos de son e vídeo). Finalmente, exclúense as actividades auxiliares á fase de fabricación, dado que se trata de producións de bens moi afastados do contexto da cultura. Así, unha actividade auxiliar ás artes gráficas como pode ser a fabricación de tintas de imprenta non se inclúe no eido da cultura por estar moi afastado do ben cultural producido (o libro, neste caso).

A desagregación a catro díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009), denominada "clases", será o estándar utilizado para definir as

actividades que conforman os sectores e as clases culturais incluídas na conta satélite (CSC). As clases que definen ao sector cultural recóllense no Anexo I.

Cada clase da CNAE será considerada total ou parcialmente cultura en función do tipo de actividades que inclúa. Ademais cada clase estará incluída en, cando menos, un sector e fase. Na táboa 1 aquelas actividades que se consideran parcialmente culturais aparecen co símbolo "(p)" e as que pertencen a máis dun sector e/ou fase teñen o símbolo "(D)".

Nesta situación atópanse as seguintes actividades:

- Da clase 2059 "Fabricación doutros produtos químicos" só se inclúe a fabricación de placas e películas fotográficas, papel fotográfico e demais produtos relacionados coa fotografía; no caso da clase 2630 "Fabricación de equipamentos de telecomunicacións", a fabricación de emisores de radio e televisión e de cámaras de televisión; e da 2640 "Fabricación de produtos electrónicos de consumo", a fabricación de receptores de radiodifusión, televisores, aparatos de reprodución de son, e outros equipamentos relacionados co audiovisual e multimedia.
- Na CSC inclúese só unha parte dos produtos comercializados por empresas pertencentes á clase 4643 "Comercio polo xunto de aparellos electrodomésticos"; en concreto, o comercio de equipos de radio, televisión, vídeo, CD, DVD, discos, e fitas de son e vídeo, que se integra no sector de audiovisual e multimedia, e o comercio de artigos fotográficos e ópticos, no sector das artes visuais. Da clase 4649 da CNAE "Comercio polo xunto doutros artigos de uso doméstico" só se inclúe o comercio por xunto de libros, xornais e revistas, no sector co mesmo nome, e o comercio por xunto de instrumentos musicais, no sector das artes escénicas.
- Ao igual que sucedía co comercio polo xunto, no referido ao comercio a retallo (aquelas actividades incluídas na división 47 da CNAE-2009), a CSC só inclúe o de aqueles bens relacionados coa cultura. Esta rama é moi ampla e desagrégase en distintas clases, atendendo ao punto de venda (en establecementos, por correo ou internet, en feiras, etc.), ás características do ben (novo ou usado) e ao tipo de produtos comercializado. Algunhas destas divisións pertencen integramente á cultura, como a 4743 "Comercio a retallo de equipamentos de audio e vídeo en establecementos especializados", 4761 "Comercio a retallo de libros en establecementos especializados" e 4763

“Comercio a retallo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados”, ao agruparen a empresas que comercian cunha única gama de bens de tipo cultural. Pero no caso do resto das clases de comercio polo miúdo incluídas no cadro (4711, 4719, 4762, 4778, 4779, 4791 e 4799) a súa inclusión quedará supeditada só á parte da cifra de negocios relativa á venda de bens e servizos culturais.

- As clases 6010 “Actividades de radiodifusión” e 6020 “Actividades de programación e emisión de televisión” inclúense ao completo na Conta Satélite da Cultura de Galicia, só que unha parte das mesmas intégrase na fase de creación e produción e outra parte na fase de difusión, distribución e comercialización.
- No caso da clase 7490 “Outras actividades profesionais, científicas e técnicas”, inclúese no sector das artes escénicas, a labor de axentes e representantes de artistas e das empresas dedicadas ao montaxe e contratación de espectáculos; e no sector do audiovisual e multimedia, as actividades realizadas polos colaboradores de radio e televisión.
- A clase 8412 “Regulación das actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servizos sociais, agás seguranza social” comprende a regulación levada a cabo polas administracións públicas nos campos sanitario, educativo, cultural e social. Na CSC só se inclúen as actividades relacionadas coa promoción e regulación da cultura en Galicia.
- As actividades educativas considéranse só culturais na parte relacionada coa educación cultural (que debe determinarse nas clases 8531 “Educación secundaria xeral”, 8532 “Educación secundaria técnica e profesional”, 8541 “Educación postsecundaria non terciaria”, 8543 “Educación universitaria” e 8544 “Educación terciaria non universitaria”). En cambio, a “Educación cultural”, recollida na clase 8552, relativa á educación non regrada no ámbito cultural, inclúese completamente na CSC.
- A clase 9003 “Creación artística e literaria” inclúese ao completo na CSC, pero distribúese entre dous sectores distintos: o de libros e prensa, que comprende a creación literaria, e o de artes visuais, que comprende a creación artística (pintores, escultores, etc.).

**Táboa 1.** Clases da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente en cada sector e fase cultural.

<b>CÓDIGO</b>	<b>FC1: Creación e produción</b>	<b>FC2: Fabricación</b>	<b>FC3: Difusión, distribución e comercialización</b>	<b>FC4: Promoción, regulación e educación cultural</b>	<b>FC5: Actividades auxiliares</b>
<b>SC1: Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas</b>	9102, 9103, 9104, 9105, 9106				
<b>SC2: Libros e prensa</b>	5811, 5812, 5813, 5814, 5819, 6391, 9003(D)	1811, 1812, 1813, 1814	4649(p)(D), 4711(p), 4719(p), 4761, 4762(p), 4791(p), 4799(p)		
<b>SC3: Artes visuais</b>	7111, 7311, 7312, 7410, 7420, 9003(D)		4643(p), 4778(p), 4779(p)		2059(p), 2670(D), 3212
<b>SC4: Artes escénicas</b>	9001, 9002		4649(p)(D), 9004		3220, 7490(p)
<b>SC5: Audiovisual e multimedia</b>	5912, 5915, 5916, 5920, 6010(D), 6020(D)	1820	4643(p), 4711(p), 4743, 4763, 4791(p), 5914, 5917, 5918, 6010(D), 6020(D), 7722		2630(p), 2640(p), 2670(D), 2680, 7490(p)
<b>SC6: Interdisciplinar</b>				8412(p), 8531(p), 8532(p), 8541(p), 8543(p), 8544(p), 8552	

(D) Inclúese a clase da CNAE-2009 ao completo, pero distribúese entre sectores ou fases da cultura distintos.

(p) Non se inclúe a clase da CNAE-2009 ao completo, senón só unha parte da mesma.



### 3. Definicións, fontes de información e aspectos metodolóxicos

#### 3.1. Definicións

Os conceptos que se manexan na Conta Satélite da Cultura de Galicia son os utilizados no Sistema de Contas Económicas. As operacións que forman parte deste sistema elabóranse seguindo a metodoloxía, aprobada por regulamento europeo, do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010).

As variables económicas recollidas nesta CSC seguen a óptica interior, é dicir, recolle os fluxos económicos e as operacións que se producen nun territorio económico determinado, delimitado polo conxunto de unidades que operan nel, independentemente da "nacionalidade" das mesmas.

Na CSC utilízase a perspectiva económica e as unidades obxecto de estudo serán as "unidades de actividade económica a nivel local" (UAE locais), concepto asimilable ao de establecemento produtivo<sup>6</sup>. As UAE locais son, en xeral, a unidade última da cal se dispón de información. Agrúpanse en ramas de actividade (grupos de UAE locais que desenvolven unha actividade económica similar), en función da súa actividade principal (aquela con maior valor engadido).

As unidades obxecto de estudo serán as UAE locais que teñan un centro de interese económico no territorio económico galego (os establecementos situados dentro das fronteiras galegas), e cuxa actividade se encadre dentro do ámbito cultural (é dicir, na listaxe de clases da CNAE especificadas na táboas 1 ou no anexo I).

A continuación, defínense os principais conceptos utilizados nesta operación, que se poden consultar con maior detalle no SEC-2010:

**Produción:** é unha actividade realizada baixo o control e a responsabilidade dunha unidade institucional que utiliza man de obra, capital e bens e servizos para producir outros bens e servizos.

**Consumos intermedios:** representan o valor dos bens e servizos consumidos como insumos nun proceso de produción. Non se inclúen os activos fixos, cuxo consumo debe rexistrarse como consumo de capital fixo.

---

<sup>6</sup> Segundo o SEC-2010 unha UAE local agrupa todas as partes dunha unidade institucional na súa condición de produtora que están nunha única localización ou emprazamentos próximos e que desenvolven unha actividade a nivel de clase da CNAE.

**Valor engadido bruto (VEB):** é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. A suma dos valores engadidos brutos, máis os impostos netos de subvencións sobre os produtos, dan como resultado o Produto Interior Bruto polo lado da oferta.

**Remuneración de asalariados:** comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable.

**Impostos sobre a produción e as importacións:** son pagamentos obrigatorios sen contrapartida, recadados polas administracións públicas, que gravan a produción e as importacións de bens e servizos, a utilización de man de obra, a propiedade ou o uso da terra, edificios e outros activos utilizados na produción.

**Subvencións:** son pagamentos correntes sen contrapartida que as administracións públicas ou as institucións da Unión Europea efectúan aos produtores residentes coa finalidade de influír nos seus niveis de produción, nos seus prezos, ou na remuneración dos factores de produción.

Cando, no contexto da conta de explotación, se fala de impostos netos sobre a produción e as importacións refírese a que ao importe dos ditos impostos se resta o correspondente ás subvencións recibidas.

**Excedente de Explotación Bruto (EEB)/Renda mixta bruta:** corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. É o saldo da conta de explotación. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta.

**Gasto en consumo final:** consiste no gasto realizado polas unidades institucionais residentes en bens e servizos que se utilizan para satisfacer directamente as necesidades individuais (os fogares), ou as necesidades colectivas dos membros da comunidade (realizado polas administracións públicas e as institucións sen fins de lucro). No caso dos fogares, este gasto pode realizarse no territorio económico ou no resto do mundo; é a única variable da Conta Satélite da Cultura que responde a unha perspectiva rexional e non interior.

**Gasto en consumo final das administracións públicas:** inclúe dous tipos de operacións:

- o valor dos bens e servizos producidos polas propias administracións públicas subministrado a prezos economicamente non significativos aos fogares.
- as adquisicións realizadas por estas administracións a produtores de mercado que teñen como consumidor último os fogares. As administracións públicas non realizan transformación algunha e estes fluxos rexístranse como transferencias sociais en especie.

**Produto Interior Bruto (PIB):** é o resultado da actividade produtiva das unidades de produción residentes. Nas contas económicas anuais estímase o PIB por tres vías: oferta, demanda e rendas<sup>7</sup>. Polo lado da oferta o PIB é a suma dos valores engadidos xerados polos sectores económicos máis os impostos netos de subvencións sobre os produtos. Polo lado das rendas o PIB é a suma da remuneración de asalariados, o excedente de explotación e os impostos (netos de subvencións) sobre a produción e os produtos.

No Sistema de Contas Económicas de Galicia só se calcula o PIB para o total da economía. Non se realiza por sectores económicos xa que non é posible asignar os impostos e as subvención sobre os produtos a estes sectores. Para calcular a achega de cada sector ao PIB utilízase o VEB.

**Emprego:** comprende todas as persoas, tanto asalariados como traballadores autónomos, que realizan unha actividade produtiva incluída dentro da fronteira da produción do sistema. Este concepto de emprego difire do utilizado nas estatísticas de forza de traballo en que inclúe o emprego dos non residentes que traballan en Galicia e exclúe o emprego dos residentes en Galicia que traballan fóra.

**Asalariado:** toda persoa que, mediante un acordo, traballa para outra unidade institucional residente e recibe unha remuneración.

**Traballador autónomo (emprego non asalariado):** son os propietarios ou copropietarios das empresas non constituídas en sociedade nas que traballan.

**Posto de traballo:** defínese como un contrato explícito ou implícito entre unha persoa e unha unidade institucional residente, para realizar un traballo a cambio

---

<sup>7</sup> Na metodoloxía desta operación detállase como se realiza o cálculo desta magnitude polas tres vías (en [http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_contas\\_economicas\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_contas_economicas_gl.pdf)).

dunha remuneración (inclúe a renda mixta dos traballadores autónomos) durante un período definido ou indefinido de tempo.

O concepto de posto de traballo difire do concepto de emprego, nos seguintes aspectos:

- Inclúe o segundo, terceiro, etc., postos de traballo que ocupa a mesma persoa.
- Exclúe ás persoas que, temporalmente, non están traballando, pero que teñen "un vínculo formal co seu posto de traballo"; por exemplo, unha garantía de reincorporación ao traballo ou un acordo sobre a data de reincorporación.

**Horas traballadas:** representa a cifra global de horas efectivamente traballadas durante o período contable, no ámbito das actividades produtivas que se inclúen dentro da fronteira da produción. Inclúese neste cómputo as horas extraordinarias, os períodos dedicados ao mantemento, reparación, preparación e limpeza, o tempo en situación de espera por motivos de falta de traballo e o correspondente a períodos breves de descanso no lugar de traballo. Exclúense as remuneradas pero non traballadas, por vacacións, enfermidade, os días festivos, as pausas para as comidas e os tempos de viaxe entre o fogar e o traballo.

**Postos de traballo equivalentes a tempo completo:** defínese coma o total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo no territorio económico. Os resultados de emprego da Conta Satélite da Cultura mídense en postos de traballo equivalentes a tempo completo.

### **3.2. Fontes de información**

As operacións estruturais do Sistema de Contas Económicas son o marco no que se insire esta conta satélite. Polo tanto as macromagnitudes por rama de actividade e para o total de Galicia que se difunden nas Contas económicas anuais e no Marco Input-Output serán o punto de partida e referencia desta conta satélite.

As contas económicas anuais achegan información da conta de produción, explotación e emprego cun detalle sectorial de 72 ramas de actividade. Polo lado da demanda difúndese o cadro macroeconómico con información sobre o gasto en

consumo final dos fogares e das Administracións públicas. A súa periodicidade é anual.

O Marco Input-Output de Galicia detalla para cada rama de actividade que tipo de produtos se producen, que bens e servizos se empregan na súa produción, e en que medida esa produción cobre os factores produtivos que interveñen no proceso. Está formado por un conxunto de táboas, entre as que destacan dúas para os propósitos da conta satélite: as táboas de orixe e de destino. Trátase de matrices por ramas de actividade e produtos nas que se describen os procesos interiores de produción e as operacións de bens e servizos dunha economía con moito detalle. A periodicidade é irregular, pero na base contable "Revisión estatística 2019" publicáronse dous marcos (con ano de referencia 2016 e 2018) e sempre gardan consistencia cos datos das contas económicas anuais.

A desagregación sectorial destas dúas operacións é insuficiente para cumprir cos obxectivos da Conta Satélite da Cultura polo que é preciso dispor doutras fontes de información (secundarias) que permitan, tanto desagregar a información das ramas de actividade a nivel de clase da CNAE como calcular (cando é preciso) o peso da cultura en cada unha das actividades.

Estas fontes de información secundarias preséntanse no cadro seguinte:

**Táboa 2.** Fontes de información empregadas na elaboración da CSC.

<b>FONTES DE REFERENCIA</b>	
<b>FONTE</b>	<b>ORGANISMO ENCARGADO</b>
Contas económicas anuais Marco Input-Output de Galicia	IGE
<b>FONTES SECUNDARIAS</b>	
<b>FONTE</b>	<b>ORGANISMO ENCARGADO</b>
Estadística Estructural de Empresas (EEE): - sector industrial - sector comercio e servizos	INE
Enquisa das empresas multilocalizadas en Galicia	IGE
Encuesta industrial de produtos	INE
Estadística de produtos en el sector comercio	INE
Estadística de produtos en el sector servicios	INE
Estadística del gasto público en educación	Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes
Estadística de las enseñanzas no universitarias	Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes

Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Administración Central. Gasto por funcións (COFOG). SEC 2010. Revisión Estadística 2019	Intervención General de la Administración del Estado (IGAE)
Liquidación de los presupuestos de las entidades locales	Ministerio de Hacienda y Función Pública
Liquidacións dos orzamentos da Administración Autonómica	Consellería de Facenda. Xunta de Galicia
Contas anuais das Empresas e Entes Públicos da Administración Galega	Varios organismos
Memorias da Axencia Galicia de Industrias Culturais (AGADIC)	AGADIC
Memorias de servizo público	Corporación Radio Televisión de Galicia
Memorias económicas das universidades. Liquidacións orzamentarias	Universidades da Coruña, Santiago e Vigo
Anuario de estadísticas culturais	Ministerio de Cultura
Encuesta de presupuestos familiares (EPF)	INE

### 3.3. Aspectos metodolóxicos

Como se mencionou arriba, o punto de partida para estimar tanto as magnitudes de oferta como as de demanda da cultura son as Contas económicas anuais. Na meirande parte dos casos, o nivel de desagregación necesario para a elaboración da conta satélite excede os niveis de información proporcionados por esta fonte. Por exemplo, na rama de actividade 18 "Artes gráficas e reprodución de soportes gravados", debemos diferenciar dúas partes: 18.1 "Artes gráficas e servizos relacionados con elas", que se engloba no sector de libros e prensa, e 18.2 "Reprodución se soportes gravados", que se engloba no sector de audiovisual e multimedia. Noutros supostos, coma no das actividades de comercio polo xunto e a retallo (ramas 46 e 47), só unha parte das mesmas está incluída no ámbito cultural.

Nestes casos, o procedemento a seguir consistirá en calcular uns coeficientes de ponderación, a partir das fontes secundarias, que permitan coñecer o peso do subconxunto de interese sobre a totalidade da rama. Este coeficiente aplicarase ás macromagnitudes estimadas no marco, para obter as correspondentes ao subconxunto cultural.

En termos matemáticos, o procedemento para calcular a parte das magnitudes das contas anuais que corresponde ao ámbito cultural é o seguinte:

$$V_{CSC_{clase\ i}} = V_r^{Contas} \times I_{r,clase\ i}^{Sectorial} \times I_{r,clase\ i}^{Cultural}$$

Neste esquema de cálculo:

- $V_{CSC_{clase\ i}}$  é a magnitude que queremos calcular, isto é, a estimación da variable V (producción, consumos intermedios, etc.) para cada clase da CNAE na que se pode dividir unha rama das Contas económicas anuais na que se detectan actividades culturais;
- $V_r^{Contas}$  é a estimación proporcionada polas Contas anuais para a variable V no conxunto da rama r;
- $I_{r,clase\ i}^{Sectorial}$  é unha porcentaxe calculada con fontes de información complementarias. Defínese como a estimación obtida para a variable a catro díxitos da CNAE dividido entre a variable para a rama r. É unha porcentaxe que desagregará a rama das Contas anuais;
- $I_{r,clase\ i}^{Cultural}$  é unha porcentaxe calculada con fontes de información complementarias que estima a parte cultural dentro dunha estimación a catro díxitos da CNAE. Será igual á unidade excepto naqueles casos nos que a clase da CNAE conteña actividade non cultural.

### 3.3.1. Particularidades na estimación das magnitudes da oferta: actividades de mercado.

Nas actividades de mercado que conforman o ámbito sectorial da Conta satélite a fonte complementaria para estimar a  $V_{CSC_r}$  é, por norma xeral, a "Estadística Estructural a Empresas" (EEE). Con esta fonte calcúlase unha desagregación sectorial (os  $I_{r,clase\ i}^{Sectorial}$ ) que complementaremos cuns coeficientes culturais (os  $I_{r,clase\ i}^{Cultural}$ ) calculados coas seguintes fontes de información complementarias:

- Nas actividades da industria manufactureira recorreremos á "Encuesta Industrial de Productos" (EIP)
- Nas actividades do sector comercio utilizaremos a "Estadística de productos en el sector comercio" (EPSC) complementada, se é necesario, coa "Encuesta de Presupuestos Familiares" (EPF).

A estimación da educación cultural de mercado realízase de xeito similar, pero as fontes de información utilizadas difiren das anteriores. O punto de partida é a conta de produción, explotación e emprego da rama R85M "Educación de mercado". En

primeiro lugar desagregase a rama en educación regrada (grupos de CNAE 851, 852, 853, 854) e non regrada (855 e 856).

Na educación regrada, para delimitar a educación cultural en cada grupo desenvólvese este esquema de cálculo:

- Polo número de alumnos en cada fase educativa separamos a actividade ata determinar unhas porcentaxes de reparto (unha especie de  $I_r^{Sectorial}$ ). A fonte utilizada son os datos de "Alumnado matriculado en centros de réxime xeral de titularidade privada".
- Dentro de cada fase educativa calcularemos as porcentaxes de ensinanzas culturais (indicadores do tipo  $I_r^{Cultural}$ ), a partir da "Estadística de las Enseñanzas no universitarias" do *Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes*.

### **3.3.2. Particularidades na estimación das magnitudes da oferta: actividades de non mercado.**

A produción de non mercado é, *grosso modo*, aquela que se subministra a outros axentes económicos de forma gratuíta ou a prezos economicamente non significativos<sup>8</sup>. Esta produción comprende, na súa meirande parte, os servizos prestados polas administracións públicas. Na Conta Satélite da Cultura de Galicia están involucradas catro ramas con parte de non mercado: a R59\_60 "Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión"; a R84 "Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria"; R85NM "Educación de non mercado"; e a R90\_93NM "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado".

#### **R59\_60 Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión**

A rama R59\_60 inclúese ao completo na conta satélite da cultura, pero distribuída entre dúas fases: a creación e a produción, por un lado, e a difusión, distribución e comercialización, polo outro. Para determinar que parte da rama corresponde a cada

---

<sup>8</sup> Para unha explicación detallada, consultar o SEC-2010, capítulo 3.



fase consultamos as memorias da principal sociedade do sector, a Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG).

### **R84 Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria**

No caso da rama R84 é preciso incluír a actividade vinculada á cultura que se registre en 8412 "Regulación das actividades culturais". Esta forma parte do sector "Interdisciplinar" e da fase de "Promoción, regulación y educación". A estimación realízase por subsectores.

No subsector autonómico a principal fonte serán as liquidacións orzamentarias da Xunta e os seus organismos dependentes. Nesta fonte traballamos cos programas de gasto que poidan ter relación coa "regulación das actividades culturais"<sup>9</sup>..

No subsector da administración local utilizamos un dobre cociente para determinar o peso da cultura dentro da división 8412. Partindo da información das liquidacións das corporacións locais que difunde o *Ministerio de Hacienda y Función Pública*, temos en conta que a área de gasto co código 9 ("Actuacións de carácter xeral") recolle a regulación das actividades, isto é, unha proxy da CNAE 8412. Queremos saber que parte deste gasto é derivado da regulación da cultura, para o que facemos dous cálculos:

$$P_{cultural} = \frac{Gasto\ en\ cultura\ (Area\ gasto\ 33)}{Gasto\ total - Gasto\ en\ Actuacións\ de\ carácter\ xeral\ (área\ de\ gasto\ 9)}$$

Este ratio pretende contestar á pregunta: canto representa a cultura dentro das actuacións específicas dos concellos (restando ao total do gasto as actuacións de carácter xeral)

$$P_{8412\ cultural} = P_{cultural} * \frac{Gasto\ en\ Actuacións\ de\ carácter\ xeral\ (área\ de\ gasto\ 9)}{Gasto\ total}$$

Esta porcentaxe aplicarase á conta de produción e explotación correspondente a esta rama de actividade e a este subsector.

No subsector da administración central utilizamos información de gastos da "Clasificación funcional do gasto das administracións públicas" (COFOG) publicado

---

<sup>9</sup> Seleccionáronse os seguintes: 431 A Dirección e servizos xerais de cultura, 461 A Cobertura informativa e apoio á comunicación, 461B Radiodifusión e TVG.

pola *Intervención General de la Administración del Estado* (IGAE)<sup>10</sup>. Nesta información son pertinentes as áreas de gasto<sup>11</sup> dos apartados 08 "Ocio, cultura e relixión" e 09 "Actividades xerais". Os cálculos seguen a lóxica utilizada no subsector corporacións locais, isto é, o obxectivo é detallar as actividades reguladoras relacionadas unicamente coa cultura.

### **R85NM Educación de non mercado**

Só no subsector autonómico se detectan actividades de educación cultural e en particular na actividade da Xunta de Galicia e nas tres universidades públicas galegas.

No caso da Xunta de Galicia o primeiro paso será acotar en qué tipo de nivel se pode impartir educación cultural. Con este obxectivo estimaremos en primeiro lugar un indicador asignable a cada nivel educativo (unha especie de  $I_r^{Sectorial}$ ) para o que utilizaremos a "*Estadística de Gasto Público en Educación*". Esta fonte vainos permitir distinguir<sup>12</sup>, dentro da educación non universitaria estes niveis:

- Educación infantil e primaria
- Educación secundaria e Formación profesional
- Educación especial de réxime especial
- Educación especial
- Educación de adultos
- Educación no exterior

Porén, imos precisar de máis información para detallar estes ítem xa que a información de ensinanzas culturais debería discernir entre formación profesional e secundaria por exemplo. Para isto, utilizaremos o número de alumnos matriculados en centros de réxime xeral en funcionamento, neste caso, públicos<sup>13</sup>. Así, teremos

---

<sup>10</sup> Nótese que non hai información relativa á actividade da administración central en Galicia e que as desagregacións que se utilizan calcúlanse con datos estatais.

<sup>11</sup> As áreas de gasto na información das corporacións locais é diferente da área de gasto na administración central.

<sup>12</sup> A partir dos datos relativos ao capítulo I e II teremos un indicador sectorial para a remuneración de asalariados e consumos intermedios.

<sup>13</sup> Esta información, xa citada no apartado da educación de mercado, está dispoñible na páxina <https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=463&paxina=001&c=0203002&idioma=gl> IGE:

unha información cunha desagregación máis ampla dos niveis educativos para as variables de gasto público.

O seguinte paso será determinar a porcentaxe de ensinanzas culturais de cada un destes niveis. Para isto analizouse a información do Ministerio sobre alumnado matriculado de ensinanzas non universitarias, en particular:

- Réxime de ensinanzas especiais
- Formación profesional básica
- Formación profesional de grao medio
- Formación profesional de grao superior

En cada unha delas, utilizando o alumnado matriculado como proxy, calculáronse "porcentaxes culturais" que se aplicarán á desagregación obtida nos pasos anteriores.

No caso do Bacharelato consideramos ensinanza cultural a modalidade "Artes" no bacharelato ordinario. Para coñecer o número de matriculados nesta modalidade consultamos a publicación "Datos e cifras do ensino non universitario"<sup>14</sup> da Consellería de Educación.

A estimación da educación cultural nas universidades públicas galegas toma como referencia as contas de produción e explotación elaboradas internamente a partir da información das súas liquidacións orzamentarias e as súas memorias económicas. As porcentaxes culturais aplicadas proveñen da caracterización dos graos e mestrados impartidos en cada universidade e do peso do alumnado matriculado en estudos relacionados coa cultura con respecto ao total. Os datos de alumnado están recollidos na web do IGE e proveñen de información subministrada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **R90\_93NM Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado.**

Dentro das divisións que se inclúen nesta rama de actividade só a división 90 e 91 son culturais. Ambas serían integramente culturais, se ben, mentres a división 91 forma parte integral do sector "Patrimonio artístico e monumental, arquivos e

---

<sup>14</sup> Pode consultarse en: [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/0193308-datos\\_e\\_cifras\\_-\\_estadistica\\_202223-4corr.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/0193308-datos_e_cifras_-_estadistica_202223-4corr.pdf)

bibliotecas" e da fase de "Creación e produción"; a división 90 atópase en catro sectores e dúas fases, polo que é preciso, en cada subsector estimar:

- 9001 Artes escénicas: teatro, concertos, óperas, danza, circos, orquestras, bandas, actores, bailaríns, músicos (Sector "artes escénicas"; fase "Creación e produción")
- 9002 Actividades auxiliares ás artes escénicas: directores, produtores, deseñadores e construtores de escenarios, tramoistas, técnicos de iluminación (Sector "artes escénicas"; fase "Creación e produción")
- 9003 Creación artística e literaria: pintores, escultores, debuxantes, escritores individuais, restauración de obras de arte (Sector "artes escénicas"; nas fases debemos dividir entre "Creación e produción" e "Libros e prensa").
- 9004 Xestión de salas de espectáculos: explotación de salas de teatro, salas de concertos e outras salas de espectáculos (Sector "artes escénicas"; fase "Difusión, distribución e comercialización").

No subsector da administración autonómica trabállase coas liquidacións orzamentarias da Xunta e organismos autónomos. Seleccionamos os programas da clasificación funcional que se inclúen na R90\_93NM co obxectivo inicial de desagregar a rama<sup>15</sup>. Baixo estes programas atópase actividade tanto na Administración xeral (Xunta) como na Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Ademais, fora do ámbito recollido nas liquidacións, existen outras entidades que estarían dentro da fronteira de delimitación do sector cultural<sup>16</sup>.

No subsector corporacións locais utilizamos a información do *Ministerio de Hacienda y Función Pública* IGAE que contén detalle de información por programas e identifícase a área de gasto "33 Cultura" como aquela que contén a actuación cultural. Cómpre repartir os gastos realizados baixo esta área do seguinte xeito:

- 330, 334 Non ten unha asignación directa, débese repartir entre todas as divisións incluídas na rama (R90\_93NM).

---

<sup>15</sup> Son os programas 432 A Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos; 432B Fomento das actividades culturais; 433 A Protección e promoción do patrimonio histórico.

<sup>16</sup> Concretamente, e tomando como referencia os datos de 2021, son o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia; a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño; e a Fundación Pública Galega Camilo José Cela.

- 3321, 3322, 333, 336: asígnase á división 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.
- 337, 340, 341 e 342: asígnase á división 92 Actividades de xogos de axar e apostas
- 338: asígnase á división 90, concretamente á clase 9001 Artes escénicas.

Para os capítulos I e II calculamos o gasto para estas asignacións, repartindo os programas 330 e 334 en función do peso do gasto nos outros programas. Calculamos uns indicadores de reparto para asignar a actividade á clase 9001 e 91.

Ademais temos información individualizada de determinadas entidades que desenvolven actividade cultural, pertencen ao subsector corporacións locais e que non estarían incluídas nas liquidacións da base de datos do *Ministerio de Hacienda y Función Pública*<sup>17</sup>.

Para distribuír a actividade da administración central por CNAES utilizamos a información (xa citada) sobre os gastos por COFOG da administración central. Analízase o grupo de gasto 08 "Ocio, cultura e relixión" que temos clasificado do seguinte xeito:

- 08.1 Servizos recreativos e deportivos, R90\_93NM.
- 08.2 Servizos culturais, R90\_93NM.
- 08.3 Servizos de radio e televisión e servizos editoriais, R60NM.
- 08.4 Servizos relixiosos e outros servizos comunitarios, R90\_93NM.
- 08.5 I+D relacionada con el entretemento, a cultura e a relixión, R72NM.
- 08.6 Actividades recreativas, cultura e relixión n.c.o.p. R90\_93NM

Da área de gasto utilizaremos só as codificadas como R90\_93NM e, ante a ausencia de máis información, adoptamos o criterio de repartos iguais. Por exemplo, a área 08.2 que se considera cultura (divisións 90 e 91) dividirase entre as clases da CNAE.

### **3.3.3. Particularidades na estimación das magnitudes da demanda**

Desde o lado da demanda, o estudo céntrase na análise do gasto en produtos e servizos culturais, tanto por parte dos fogares, como por parte das administracións públicas. Unha vez máis, a referencia para elaborar as magnitudes de demanda será

---

<sup>17</sup> Tomando como referencia 2021 teríamos o Consorcio para a promoción da música e a Fundación Luis Seoane.

o Sistema de Contas Económicas de Galicia. Non obstante, o procedemento a seguir na estimación difire conceptualmente do comentado no enfoque da oferta.

Na análise da demanda o foco de atención non debe recaer nas industrias culturais, senón nos produtos culturais, sen importar que estes sexan producidos de forma principal por unha UAE local clasificada nunha clase da CNAE cultural, ou, de forma secundaria ou auxiliar, por un establecemento pertencente a outra rama de actividade. Tampouco debemos limitarnos aos bens e servizos culturais producidos dentro do territorio económico de Galicia; debemos incluír, tamén, aqueles que proceden do comercio co exterior.

No caso do gasto en consumo final dos fogares o primeiro paso é determinar que produtos forman parte do ámbito da cultura. Con este obxectivo utilízase a clasificación de produtos do Sistema de Contas, definidos consonte á Clasificación nacional de Produtos por Actividades (CPA-2.1). Esta clasificación agrupa a variada gama de produtos que fabrica unha economía en categorías, atendendo ás características dos mesmos; pero, ao igual que sucedía polo lado da oferta, a desagregación desta clasificación non sempre resulta satisfactoria para os propósitos da conta<sup>18</sup>. De novo, o procedemento consiste en estimar uns coeficientes de ponderación a partir de fontes secundarias, que determinan o peso da cultura dentro de cada gama de produtos.

A fonte de información secundaria utilizada é a "*Encuesta de presupuestos familiares*" (EPF) do Instituto Nacional de Estadística (INE). Pero a clasificación de produtos utilizada nesta fonte non é a CPA-2.1, senón a *Classification of Individual Consumption According to Purpose*, comunmente coñecida como COICOP, desenvolvida polas Nacións Unidas. Por tanto, para calcular os coeficientes de ponderación do gasto en consumo final dos fogares é preciso establecer, primeiramente, unha táboa de equivalencias entre a CPA-2.1 e a COICOP. Está táboa de equivalencias para os produtos culturais preséntase na táboa 3.

---

<sup>18</sup> Por poñer un exemplo, a conta satélite da cultura inclúe a demanda do produto 77.22 "Aluguer de fitas de vídeo e de discos"; pero nas clasificacións de produtos do Sistema de Contas (utilizado especialmente no Marco Input-Output de Galicia) dispomos de información agregada para o produto 77B "Servizos de alugueiro de maquinaria e equipo", no que a división 77.22 só representa unha pequena parte do mesmo

**Táboa 3.** Produtos COICOP incluídos na Conta Satélite da Cultura de Galicia e correspondencias cos produtos utilizados no Sistema de Contas Económicas

<b>COICOP</b>	<b>Descrición produto</b>	<b>Produtos do MIOGAL nos que se inclúe a COICOP</b>
08202	Equipos de telefonía móbil	26
08302	Servizos de telefonía móbil	61
08303	Servizos de conexión a internet	61
09111	Equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son	26
09112	Equipos para a recepción, rexistro e reprodución audiovisual	26
09113	Dispositivos audiovisuais portátiles	26
09119	Outros equipos para a recepción, rexistro e reprodución de son e imaxe	26
09121	Cámaras e outros equipos fotográficos e cinematográficos	26
09122	Accesorio para equipos fotográficos e cinematográficos	26
09131	Ordenadores persoais	26
09132	Accesorios para equipos de procesamento de información	26
09141	Soportes pregravados e subscrición a servizos en streaming	58, 59_60M
09142	Soportes non gravados: soportes de rexistro de son, vídeo e datos non gravados	26
09149	Outros soportes	20B, 26
09150	Reparación de equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento da información	95
09221	Instrumentos musicais	32
09421	Cines, teatros, salas de concertos	59_60M, 90_93M, 90_93NM
09422	Museos, bibliotecas, parques zoolóxicos	90_93M, 90_93NM
09423	Cotas por licenza e subscricións a redes de televisión e radio	59_60M, 61, 62_63, 77B
09424	Aluguer de equipos e accesorios culturais	77B
09425	Servizos fotográficos	74
09429	Outros servizos culturais	77B, 90_93M, 90_93NM

Nota: Algúns códigos de produto da COICOP pertencen a varias categorías da CPA-2.1 a dous díxitos e polo tanto a diferentes produtos e servizos dos utilizados no Sistema de Contas Económicas. O reparto entre as distintas categorías da CPA realízase en base a uns factores de distribución establecidos internamente.

O gasto en consumo final das administracións públicas é igual á súa produción de non mercado (a provisión de bens e servizos culturais con medios propios) máis o gasto en bens e servizos culturais subministrados aos fogares pero prestados por produtores de mercado. A súa estimación realízase de xeito paralelo á estimación das macromagnitudes de oferta dos servizos de non mercado, e baséase nas liquidacións orzamentarias da Comunidade Autónoma galega, das corporacións locais galegas, e dos datos que a IGAE subministra para a administración central.

#### **4. Presentación de resultados**

Nesta edición da Conta Satélite da Cultura de Galicia ofrécense resultados referidos á serie contable 2016-2021, baixo a denominada "Revisión estatística 2019". Os resultados son coherentes co resto de operacións estatísticas do Sistema de contas. Os resultados difundidos son os seguintes:

- Achega ao PIB das industrias culturais
- Contas de produción, explotación e emprego das industrias culturais e peso da cultura nos agregados da economía galega
- Contas de produción, explotación e emprego por sectores culturais; peso de cada sector no total cultural
- Contas de produción, explotación e emprego por fases da cultura; peso de cada fase no total cultural
- Gasto en consumo final dos fogares en cultura
- Gasto en consumo final das administracións públicas en cultura



**ANEXO I: Clases da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente na Conta satélite da cultura**

Clase CNAE	Descrición	Rama do Sistema de Contas	Sector cultural	Fase Cultural	Total (T)/ Parcial (P)
1811	Impresión de xornais	R18	SC2	FC2	T
1812	Outras actividades de impresión e artes gráficas	R18	SC2	FC2	T
1813	Servizos de preimpresión e preparación de soportes	R18	SC2	FC2	T
1814	Encadernación e servizos relacionados con ela	R18	SC2	FC2	T
1820	Reprodución de soportes gravados	R18	SC5	FC2	T
2059	Fabricación doutros produtos químicos n.c.n.	R20_21	SC3	FC5	P
2630	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	R26	SC5	FC5	P
2640	Fabricación de produtos electrónicos de consumo	R26	SC5	FC5	P
2670	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico	R26	SC3 / SC5	FC5	T
2680	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	R26	SC5	FC5	T
3212	Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares	R32	SC3	FC5	T
3220	Fabricación de instrumentos musicais	R32	SC4	FC5	T
4643	Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos	R46	SC3 / SC5	FC3	P
4649	Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	R46	SC2 / SC4	FC3	P
4711	Comercio a retalho en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco	R47	SC2	FC3	P
4719	Outro comercio ao retalho en establecementos non especializados	R47	SC2	FC3	P
4743	Comercio a retalho de equipamentos de audio e vídeo en establecementos especializados	R47	SC5	FC3	T
4761	Comercio a retalho de libros en establecementos especializados	R47	SC2	FC3	T
4762	Comercio a retalho de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	R47	SC2	FC3	P
4763	Comercio a retalho de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	R47	SC5	FC3	T
4778	Outro comercio a retalho de artigos novos en establecementos especializados	R47	SC3	FC3	P
4779	Comercio a retalho de artigos de segunda man en establecementos especializados	R47	SC3	FC3	P
4791	Comercio a retalho por correspondencia ou internet	R47	SC2	FC3	P
4799	Outro comercio a retalho non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras	R47	SC2	FC3	P
5811	Edición de libros	R58	SC2	FC1	T
5812	Edición de directorios e guías de enderezos postais	R58	SC2	FC1	T
5813	Edición de xornais	R58	SC2	FC1	T
5814	Edición de revistas	R58	SC2	FC1	T
5819	Outras actividades editoriais	R58	SC2	FC1	T
5912	Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	R59_60	SC5	FC1	T
5914	Actividades de exhibición cinematográfica	R59_60	SC5	FC3	T
5915	Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	R59_60	SC5	FC1	T
5916	Actividades de produción de programas de televisión	R59_60	SC5	FC1	T
5917	Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo	R59_60	SC5	FC3	T
5918	Actividades de distribución de programas de televisión	R59_60	SC5	FC3	T
5920	Actividades de gravación de son e edición musical	R59_60	SC5	FC1	T

Clase CNAE	Descrición	Rama do Sistema de Contas no que se inclúe	Sector cultural	Fase Cultural	Total (T) / Parcial (P)
6010	Actividades de radiodifusión	R59_60	SC5	FC1 / FC3	T
6020	Actividades de programación e emisión de televisión	R59_60	SC5	FC1 / FC3	T
6391	Actividades das axencias de noticias	R62_63	SC2	FC1	T
7111	Servizos técnicos de arquitectura	R71	SC3	FC1	T
7311	Axencias de publicidade	R73	SC3	FC1	T
7312	Servizos de representación de medios de comunicación	R73	SC3	FC1	T
7410	Actividades de deseño especializado	R74_75	SC3	FC1	T
7420	Actividades de fotografía	R74_75	SC3	FC1	T
7490	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.	R74_75	SC4 / SC5	FC5	P
7722	Aluguer de fitas de vídeo e discos	R77	SC5	FC3	T
8412	Regulación das actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servizos sociais, agás seguranza social	R84	SC6	FC4	P
8531	Educación secundaria xeral	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8532	Educación secundaria técnica e profesional	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8541	Educación postsecundaria non terciaria	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8543	Educación universitaria	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8544	Educación terciaria non universitaria	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8552	Educación cultural	R85M, R85NM	SC6	FC4	T
9001	Artes escénicas	R90_93M, R90_93NM	SC4	FC1	T
9002	Actividades auxiliares das artes escénicas	R90_93M, R90_93NM	SC4	FC1	T
9003	Creación artística e literaria	R90_93M, R90_93NM	SC2 / SC3	FC1	T
9004	Xestión de salas de espectáculos	R90_93M, R90_93NM	SC4	FC3	T
9102	Actividades de museos	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9103	Xestión de lugares e edificios históricos	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9104	Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9105	Actividades de bibliotecas	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9106	Actividades de arquivos	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T

T: a clase inclúese ao completo na CSC

P: é preciso estimar a parte cultural da clase